



DATOS IDENTIFICATIVOS

Gramática práctica galega

Materia	Gramática práctica galega			
Código	V01G430V01201			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Soto Andión, Xosé			
Profesorado	Soto Andión, Xosé			
Correo-e	xsotoandion@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Esta materia pretende facilitarlle ó estudantado a adquisición dun dominio avanzado tanto na expresión oral e escrita en lingua galega sobre todo no eido morfosintáctico (con especial fincapé nos trazos que a singularizan), coma na gramaticografía, terminoloxía gramatical e fontes de información da lingüística galega, priorizando sempre un enfoque aplicado.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.			
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.			
B4	Capacidade de comunicación oral e escrita en español, galego e en outras dous linguas do ámbito europeo.			
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.			
B10	Capacidade para desenvolver un proceso de comunicación sólido, responsable e ético.			
C6	Saber crear, editar e expoñer textos orais ou escritos de distintos tipos e variedades que satisfagan as necesidades do público ao que están destinados e poder asesorar lingüisticamente na súa redacción a non especialistas.			
C7	Capacidade para aplicar os recursos dixitais á produción, corrección, edición e análise dos discursos tanto escritos como orais.			
C8	Coñecemento das bases teóricas, os conceptos e os métodos (fonéticos, gramaticais, semánticos e pragmáticos) da análises lingüística aplicadas ás linguas do grao.			
C11	Capacidade para avaliar e habilidade para empregar ferramentas e recursos dixitais e presenciais para a procura e xestión de información no ámbito das linguas ou as literaturas do grao.			
C13	Capacidade para comunicarse nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia.			
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.			
D2	Capacidade para comunicarse por oral e por escrito en lingua galega.			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Adquirir un dominio avanzado da expresión oral e escrita en galego, adecuada a distintas situacións de comunicación e rexistros lingüísticos.	A4	B4	C6	D2
Coñecer as principais características da gramaticografía galega, así como manexar as principais fontes bibliográficas, dixitais ou non, para un correcto uso da lingua galega.			C7	C13
Dominar con precisión a terminoloxía da análise gramatical, en especial da caracterización das clases de palabras, e integrala nas propias descricións de feitos lingüísticos.		B7	C8	

Identificar trazos morfosintácticos que singularizan a lingua galega e aplicalos na produción de textos orais e escritos propios.	A1 A4	B4 B7 B10	C6 C7 C8 C11 C13	D1 D2
Caracterizar e producir diversos tipos de textos orais, utilizando adecuadamente os diferentes recursos verbais e non verbais da comunicación en lingua galega.		B4	C6 C7	D2

Contidos

Tema

1. Introducción [1,7 ECTS; BLOQUE_1]	<ul style="list-style-type: none"> ·As principais fontes de información da lingüística galega ·Breve gramaticografía galega ·A terminoloxía gramatical ·Creación de entradas para un dicionario galego de termos gramaticais en liña
2. As clases de palabras en galego [5 ECTS; BLOQUES_2, 3 e 4]	<p>[BLOQUE_2]</p> <ul style="list-style-type: none"> ·Caracterización (criterios de identificación) morfolóxica, sintáctica e semántica ·Tipos e subtipos principais das clases de palabras ·Autenticidade e singularidade gramatical galega: -Substantivos e adxectivos (clasificación e subtipos; usos principais en galego) -Artigo, demostrativo e posesivo (valores e usos principais en galego) -Indefinidos, adverbios, preposicións... (clasificación, subtipos e usos principais en galego) <p>[BLOQUE_3]</p> <ul style="list-style-type: none"> -Conxuncións (identificación, clasificación e usos principais en galego) -O pronome persoal (caracterización e clasificación). O pronome persoal átono (colocación, rexencias, (non) reflexividade...) <p>[BLOQUE_4]</p> <ul style="list-style-type: none"> -O verbo (formas e usos; perífrases verbais, infinitivo flexionado...) <p>·A calidade lingüística en textos galegos escritos, propios e alleos</p>
3. O discurso oral en galego [2,3 ECTS; BLOQUE_4]	<ul style="list-style-type: none"> ·Xéneros e rexistros ·A oratoria en galego: -Técnica vocal e dicción -A comunicación non verbal ·Oratoria práctica: preparación dunha presentación en galego en diferentes ámbitos (académico, periodístico, comercial, administrativo...) ·A calidade lingüística en textos galegos orais, propios e alleos

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentación	8	25	33
Lección maxistral	30	0	30
Resolución de problemas	36	45	81
Traballo tutelado	4	12	16
Exame de preguntas de desenvolvemento	0	64	64
Observación sistemática	0	1	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Presentación	No BLOQUE_4 do tema 3realizarase unha exposición oral en galego sobre diferentes ámbitos, poñendo en práctica todo o aprendido na materia.
Lección maxistral	Nas aulas presenciais explicaranse os contidos, resolveranse dúbidas, fornecerase ampliación de bibliografía e recursos TIC. O aprendido nas aulas presenciais será obxecto de avaliación nas diferentes probas escritas.
Resolución de problemas	Nos BLOQUES_2, 3 e 4 e ó longo de todo o curso realizaranse múltiples exercicios -tanto escritos coma orais- para poñer en práctica o aprendido.
Traballo tutelado	No BLOQUE_1 desenvolverase un traballo, individual pero colaborativo, de creación de entradas para un dicionario galego de termos gramaticais en liña.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	O estudiantado recibirá unha atención personalizada durante a explicación dos diferentes temas, nos horarios de titorías, para resolver calquera tipo de dúbida ou orientación sobre a presentación oral do BLOQUE_4.
Traballo tutelado	O estudiantado recibirá unha atención personalizada durante a explicación dos diferentes temas, nos horarios de titorías, para resolver calquera tipo de dúbida ou orientación sobre a elaboración das entradas para un dicionario galego de termos gramaticais en liña do BLOQUE_1.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Presentación	Presentación oral que permita avaliar a capacidade comunicativa oral en galego con corrección e aplicando os coñecementos adquiridos durante o curso [BLOQUE_4 do tema 3].	15	A4	B10 C6 C13	D2
Resolución de problemas	Aplicación a través de exercicios e prácticas do visto na aula para a produción, corrección e análise de discursos escritos e orais en galego. O valor dos diferentes bloques é o seguinte: BLOQUE_2: 12% BLOQUE_3: 10% BLOQUE_4 do tema 2: 7%	32	A4	B4 B10	C7 C11 D2
Traballo tutelado	Creación de entradas para un dicionario galego de termos gramaticais en liña [BLOQUE_1].	9		B10 C6 C13	D2
Exame de preguntas de desenvolvemento	Ó longo do curso realizaranse diferentes probas para avaliar a adquisición de coñecementos e capacidades do estudiantado. BLOQUE_1: 9% BLOQUE_2: 15% BLOQUE_3: 10% BLOQUE_4 do tema 3: 9%	40	A1	B4 B7	C8 C13 D1 D2
Observación sistemática	Valorarase a asistencia e participación activa do alumnado nas aulas presenciais. 1% por cada un dos catro bloques da materia.	4			D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua (as diferentes prácticas, exercicios e actividades íranse entregando regularmente nas datas que se vaian marcando na aula e na plataforma de teledocencia):

Para poder realizar a media final de todas as cualificacións obtidas cómpre alcanzar unha cualificación mínima (de 4 sobre 10) en cada un dos catro bloques. Os bloques que se superen na primeira edición das actas conservaranse para a segunda. A copia ou plaxio será cualificada como 0 na parte ou bloque en que se produza.

Avaliación única:

Aínda que se aconsella a avaliación continua, quen opte pola avaliación única deberá contactar cos docentes da materia para planificar o traballo obrigatorio (10% BLOQUE_1), a exposición oral en galego tamén obrigatoria (20% BLOQUE_4 do tema 3) e realizará un exame escrito (algunha parte del tamén pode ser oral) sobre os contidos vistos nos catro bloques da materia (70%) na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía e Tradución.

A copia ou plaxio implicará unha avaliación de 0 na edición das actas en que se produza.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Freixeiro Mato, Xosé Ramón, **Estilística da lingua galega**, Xerais, 2013

López Viñas, Xoán, Cilha Lourenço Mória e Marisa Moreda Leirado, **Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión**, Baía Edicións, 2011

Bibliografía Complementaria

Álvarez, R.; H. Monteagudo e X. L. Regueira, **Gramática galega**, 2, Galaxia, 1995

Álvarez, R. e X. Xove, **Gramática da lingua galega**, Galaxia, 2002

Beltrán Carballeira, Xosé Ramón, **Manual práctico de galego**, 3, Baía Edicións, 2019

CRPIH, **BILEGA - Bibliografía informatizada da lingua galega**, Versión 3.2, 2022

Freixeiro Mato, Xosé Ramón, **Gramática da lingua galega**, 2, A Nosa Terra, 2002-2006

Real Academia Galega, **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**, 23, 2012

Real Academia Galega,

Universidade da Coruña, **Servizo de normalización lingüística**,

Universidade de Santiago de Compostela, **Servizo de normalización lingüística**,

Universidade de Vigo, **Área de normalización lingüística**,

Xunta de Galicia, **O portal da lingua galega**,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua: Comunicación oral e escrita en galego/V01G430V01110

Outros comentarios

Toda a bibliografía é básica, pero as Normas da RAG e os manuais de Freixeiro Mato (2013) e López Viñas et alii (2011) constitúen os libros de referencia para o segundo capítulo dos contidos.
